# A NOSA TERRA

Do 8 ao 14 de marzo de 2007
Ano XXX - IV Xeira

FUNDADO EN 1907

1,75 euros


MEDRA O DESCONTENTO EN FERROL

# IZAR xa devolveu a multa da UE

(Páx. 6-7)




## Os perigos do biodiésel

(Páx. 2-3)

## Os colexios concertados obrigados a admitir inmigrantes

(Páx. 17)

## Galiza sexto destino das exportacións portuguesas

(Páx. 18)

SEPI E O GOBERNO CENTRAL CADA VEZ TEÑEN MÁIS EXPLICACIÓNS que dar aos galegos e, con eles o PSOE e o presidente Emilio Pérez Touriño. Non foron quen aínda de dar a coñecer o famoso documento asinado coa UE polo que o estaleiro de Fene non pode construír barcos civís. Amparándose nun segredo, por afectar á "seguridade", desmarcanse da iniciativa unánime do Parlamento galego afirmando que ese suposto acordo obrigaría a ... a pagar a multa que a UE lle impuxo no seu día a Izar. É a coartada que o goberno socialista no Estado esgrime para pechar definitivamente un estaleiro que os nacionalistas teiman en reflotar, conxuntamente cos empresarios e o capital galego, o que significa un cambio de rumbo e de tendencia no Goberno autonómico non apreciado nos 25 anos anteriores. Pero as análises que realiza o BNG do balance das contas da SEPI no 2004 levan a concluír que esa multa a Izar xa lle foi paga á SEPI no 2005. Por tanto, xa non existiría esa traba que argumenta o vicepresidente Pedro Solbes como insalvábel para renegociar coa UE a volta a Fene da construción de buques civís. Os balances, xa se sabe, son interpretativos, pero José Luis Rodríguez Zapatero e Touriño deberían ser claros e leais con Ferrolterra, polo menos como o foi o PSOE con Puerto de Santa María. Unha mobilización unitaria, se cadra, a clarificar posturas. •


## ANTOLOXÍA POÉTICA
### MARÍA MARIÑO



María Mariño chega no ano 1947 a Parada do Courel, onde coñece ao poeta Uxío Novoneyra, circunstancia que provocará o xurdimento dunha das voces máis sorprendentes da lírica galega. No ano 1952 publica, con fotos de Otero Pedrayo, o libro Palabra no tempo, despois escribirá os poemas que compoñen Verba que comeza (1990), publicado postumamente. En 2007 dedicouselle o Día das Letras Galegas, corenta anos despois da súa morte e cando se cumpre o Centenario do seu nacemento.


# Saír do anonimato

Aurora Marco publica un *Dicionario de Mulleres Galegas* destacadas na vida pública



## A Fundación Bill Gates premia un proxecto galego para facer vacinas contra a hepatite B que non precisan agulla

(Páx. 8-9)